

Proxecto EPÍSTOLA



Colección: Fondo: Valentín Paz-Andrade no seu arquivo persoal
Ficha documental da epistola de Valentín Paz-Andrade, a Ricardo Carballo Calero do
01/11/1932

Colección:

Data: 01/11/1932

De:

Valentín Paz-Andrade;

Para:

Ricardo Carballo Calero;

Orixe:

Vigo (municipal), Vigo (comarcal), Pontevedra (provincial)

Destino:

Ferrol (municipal), Ferrol (comarcal), A Coruña (provincial)

Ficha descriptiva:

[Carta mecanografada:]

Localización física:Arquivo familiar Paz Andrade

Temáticas:

Epistolario de Ricardo Carballo Calero; Asuntos particulares; Política;

Mencionados:

Alexandre Bóveda; Castelao; Xosé Núñez Búa; Ramón Suárez Picallo;



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

Transcripción da epistola de Valentín Paz-Andrade, a Ricardo Carballo Calero do 01/11/1932

[Vigo], 1 novembro 1932

Sr. Don Ricardo Carballo Calero
Ferrol

Querido Ricardo:

Ainda hoxe me foi entregada a tua carta do 19 derradeiro, dirixida a-o Pueblo. Das outras cartas non sei, pois é a primeira que recibo d-ese Grupo, despois das que teño escrito a Valerio, en resposta a outras d-él.

Da Segredaría de Propaganda encarregouse de novo Núñez Búa, a-o que trasladaréi a tua petición. Mellor será que indiquedes xa o día, e posto que vides desenrolando unha laboura dinámica, podedes orgaizar otro pol-a tarde n-un pobo perto d-esa vila. Dende logo conven que vaian a-o mitin Picallo e Castelao, e cecais Bóveda. Eu iréi na segunda tanda, pra outro que se orgaice.

Felicitovos cordialmente por esa actividade. Non agardabamos tanto, os que do Ferrol tiñamos conocimiento antigo e certo. Adiante, pois.

Farei mañán a xestión que encargas pra a administración do Pueblo.

Lembranzas a todol-os irmáns d-ese puxante agrupamento e ti recibe unha forte aperta do teu sempre amigo e compañeiro

[V. Paz-Andrade]

Aviso legal do Consello da Cultura Galega

A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.

De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.

O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.

Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":

A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.

A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.

Consultas e colaboracións:

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en epistolarios@consellodacultura.gal ou no teléfono 981957208.